

## OBRIGACIÓNS PARA A CELEBRACIÓN DO SAN XOÁN NOS BARRIOS

Para unha mellor organización da noite de San Xoán 2021 dende o Concello da Coruña solicitamos que a súa Asociación de Veciños difunda todas estas medidas nas redes sociais así como que facilite ao Concello, na medida das súas posibilidades, as localizacións onde os seus veciños adoitan celebrar esta festa cada ano aos efectos de garantir o axeitado servizo de recollida de lixo e limpeza, agradecendo ademais calquera outra colaboración que nos poidan prestar no bo desenvolvemento deste San Xoán.

As familias ou grupos de amigos que decidan xuntarse nalgún espazo público para celebrar esta noite máxica deberán atender ás seguintes recomendacións:

- Non se permite a realización de cacharelas comunitarias ou veciñais xa que non garanten o cumprimento das normas de distancia social ou mesmo de aforos establecidos para evitar rebrotes.
- As mesas deberán estar situadas de tal xeito que respecten as distancias de seguridade en relación coas mesas veciñas.
- As barbacoas ou grellas nunca se apoiarán directamente no chan nin sobre vexetación, debendo estar situadas a unha distancia mínima de un metro do chan e alonxándose de árbores ou matogueiras. Se por calquera motivo situase sobor do chan, este deberá estar recuberto por una capa de area como mínimo de 10 cm.
- É imprescindible ter nas proximidades un cubo con auga, área ou extintor. Non se deben acender as barbacoas ou grellas utilizando acelerantes. A saída de fumes debe estar libre cara o exterior e non baixo carpas, lonas ou árbores.
- É obrigatorio limpar o espazo ocupado, débense separar os residuos: papel, cristal, orgánico ou inorgánico e depositalos ao rematar a celebración no cubo de lixo indicado.
- As rúas, parques ou calquera outro espazo ocupado debe garantir o libre paso de vehículos de emerxencia.
- E non esquezades co uso da máscara faise imprescindible na nosa relación cos demais.

### A) CONSELLOS BÁSICOS PARA A REALIZACIÓN DE GRELLADAS/SARDIÑADAS:

- Se se monta unha fogueira na rúa hai que asegurar o paso dos vehículos de emerxencia.  
Debera gardarse unha distancia mínima de seguridade a elementos combustibles e en todo caso NON facer nas proximidades de:  
ou contedores,  
ou vivendas,  
ou cristaleiras,  
ou vehículos,  
ou tubaxes de gas,  
ou cables eléctricos,  
ou vexetación,  
ou valos,  
ou zonas agrícolas ou forestais,  
ou elementos que poidan arder.
- A distancia mínima a zonas arborizadas ou con masa forestal será, canto menos, de 10 metros.

- A grellada ou similar non poderá estar directamente apoiada no chan nin sobre vexetación, debera estar elevada do chan a unha distancia mínima de 1 m. En caso que teña que estar en contacto co chan debera ter un ferro metálica que o separe do pavimento cunha cubrición de area mínima de 10 cm de altura.
- É imprescindible ter sempre, nas proximidades, un extintor, unha manguera, un cubo con auga ou un recipiente con area.
- Non se debe utilizar ningún tipo de combustibles líquidos nin acelerantes para acender. Tampouco se poderá queimar plásticos, madeira lacada, escumas nin outros materiais que desprendan substancias tóxicas.
- As rúas deberán quedar libres para permitir o transito peonil e o lume conservarse en pequenas dimensións, de forma que poida ser controlado en todo momento.
- A saída de fumes debe ser libre cara ao exterior e non poderá estar cuberta de instalacións do tipo: carpas, lonas...etc.
- Ao finalizar, antes de abandonar o lugar, as persoas responsables da organización velarán por que as cinzas queden totalmente apagadas. Se fose posible, empregarán auga e area.
- O que comunicase a reserva de espazo está obrigado a limpar, incluídos os elementos utilizados para o seu desenvolvemento, inmediatamente despois de acabar coa actividade. En caso contrario, aplicáense os artigos procedentes da Ordenanza de xestión de residuos municipais e limpeza viarias relativos a gastos de limpeza e sancións.
- O Concello recomenda minimizar os residuos, empregando, na medida do posible vaixela e cubertos reutilizables ou, na súa falta, papel e cartón. Os residuos deberán ser depositados nos contedores correspondentes de orgánico, inorgánico, papel e vidro.
- Dado que estas actividades se levan a cabo en datas dentro do período de máximo perigo de incendios forestais, sempre estará de acordo coas disposicións do Ministerio de Asuntos Rurais en relación co índice de risco de incendio e as posibles prohibicións derivadas del.
- Lembra que estamos para pasar unha noite segura: se tes dúbidas sobre a seguridade, chama ao servizo de bombeiros para facer unha revisión.
- Lembrade os teléfonos de emerxencias:
  - BOMBEIROS .....080
  - POLICÍA LOCAL.....092
  - POLICÍA NACIONAL.....091
  - EMERXENCIAS.....112
  - EMERXENCIAS SANITARIAS...061

## **B) CONSELLOS COVID**

Deberá cumprirse a medida de mantemento da distancia de seguridade interpersoal establecida de, polo menos, 1,5 metros ou, na súa falta, medidas alternativas de protección física con uso de máscara de hixiene adecuadas e etiqueta respiratoria.

Deberá asegurarse que se adoptan as medidas de limpeza e desinfección adecuadas. Prestarase especial atención ás zonas de uso común e ás superficies de contacto máis frecuentes.

Dispoñerase de papeleiras para depositar luvas, máscaras, etc.

No caso de utilización de obxectos que se intercambien entre os usuarios, procurarase o uso de forma recorrente de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con carácter previo e posterior ao seu uso.

Deberase proceder á limpeza e desinfección frecuente de calquera tipo de dispositivo, así como de cadeiras, mesas ou calquera outro mobiliario ou superficie de contacto que empreguen distintos usuarios.

Priorizarase a utilización de mantelerías dun só uso. No caso de que isto non fose posible, deberá evitarse o uso da mesma mantelería ou salvamanteles con distintos usuarios, optando por materiais e solucións que faciliten o seu cambio entre servizos e o seu lavado mecánico en ciclos de lavado entre 60 e 90 graos centígrados.

Priorizarase o uso de produtos monodosis desechables para dispensación de servilletas, escarvadentes, vinagreras, aceiteras e outros utensilios similares.

Se o uso dos aseos ou similares está permitido por usuarios, a súa ocupación máxima será dunha persoa para espazos de ata catro metros cadrados.

En todo caso, deberá asegurarse que se mantén a debida distancia de seguridade interpersoal entre as mesas ou, no seu caso, agrupacións de mesas. A ocupación máxima por mesa será a que marque a normativa de sanidade.

Con carácter xeral, non se compartirá ningún material e, se isto non fose posible, garantirase a presenza de elementos de hixiene para o seu uso continuado.

Non se compartirán utensilios de comida ou de bebida.

Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención establecidas, no caso de que nas instalacións se preste algún tipo de servizo de hostalería e restauración, a prestación deste axustarase ao previsto nas condicións para a prestación do servizo nos establecementos de hostalería e restauración.

Deberán aplicarse as medidas de hixiene e prevención establecidas, especialmente no que se refire a proceder diariamente á limpeza e desinfección de mobiliario urbano de uso compartido.

### **C) CONSELLOS BÁSICOS EN CASO DE QUEIMADURAS:**

- Afestar á vítima da fonte de calor.
- En caso de ter a roupa queimada non retirarlle.
- Se a roupa da vítima está en chamas tentarase apagar cubríndoa cunha manta ou facéndoa rodar polo chan, preferentemente por zona arenosa. Impedir que a vítima corra.
- Arrefriar a zona afectada con auga.
- Alertar aos servizos de emerxencia, en caso de queimaduras importantes.
- Non usar pomadas, non romper bochas, non utilizar xeo nin auga xeadá para arrefriar a queimadura e non cubrir con apósitos adhesivos nin algodón.
- É recomendable que toda queimadura reciba atención médica, salvo que o seu diámetro sexa inferior a 2 cm.